

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****VIGO****Oferta de emprego público***OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2015*

Con data 30 de decembro de 2015, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.—Aproba-la oferta de emprego público do Concello de Vigo para o ano 2015, integrada polas seguintes 27 prazas vacantes:

a) Persoal funcionario ( 20 prazas, quince delas pola quenda libre).

Nº Vacantes	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Tanda Acceso
2	Técnico/a Administración Xeral rama xurídica	A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	1 Libre e 1 Promoción Interna
1	Técnico/a Administración Xeral rama económica	A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	Libre
2	Técnico/a Xestión	A2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais.	1 Libre e 1 Promoción Interna
1	Administrativo/a Administración Xeral	C1	Admón. Xeral	Administrativa	—————	Promoción Interna
1	Auxiliar Administración Xeral	C2	Admón. Xeral	Auxiliar	—————	Promoción Interna
1	Oficial Policía Local	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Policía Local	Promoción Interna
7	Policía Local	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Policía Local	Libre
3	Bombeiro/a	C2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Extinción Incendios	Libre
2	Condutor/a- bombeiro/a	C2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Extinción Incendios	Libre

b) Persoal laboral : 7 prazas (6 delas de oficiais de oficios do grupo C2 de titulación e, 1 de Axudante de Oficios do Grupo Transitorio E), todas elas pola quenda de promoción interna.



SEGUNDO.—De conformidade co disposto no artigo 59 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) resérvanse un total de 2 prazas (7% das 15 prazas ofertadas pola quenda libre e das 12 reservadas por promoción interna), para persoas con discapacidade:

Unha praza de Oficial de oficios, da tanda de promoción interna.

Unha praza de Axudante de oficios, da tanda de promoción interna.“

Vigo, 15 de xaneiro de 2016.—O Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015), Javier Pardo Espiñeira.

